Exercicios autoavaliables

O texto

1. Cal das acepcións da palabra *texto* do dicionario IR INDO correspondería ao uso que desta palabra se fai no apartado 1 desta unidade?

2. Extrae do dicionario as acepcións adecuadas ao uso que se fai no apartado 1 da unidade das palabras: *coherencia*, *cohesión*, *contido* e *intencionalidade*.

3. A que tipo de textos pertencen os seguintes? Xustifica a resposta:

Texto A:

O señor Fuco séntase no valado, de par do Boticario e, despois dun silencio, xorde unha nova leria.

BOTICARIO.- Vós, polo menos, morrestes de morte natural, pero eu mateime. Fun tan parvo que non podía vivir sen Lela.

D. RAMÓN.- ¡Ti matácheste con solimán da túa botica, pero eu mateime con solimán da miña bodega e con viño das tabernas! ¡Morrín como un sapo, entre dous espantallos! ¡A miña caste non puido ter un remate máis vil!

SR. FUCO.- Tamén eu me matei con solimán do meu corazón. ¡Tamén eu me matei!

BOTICARIO.- Non te queixes, Fuco, porque ti polo menos... morriches farto de felicidade.

D. RAMÓN.- (*Sinalando a Fuco*) Este abellón morreu afogado en mel...

SR. FUCO.- Ningún de vós morreu tan adoecido coma min. Ti, Saturio, adormeciches con xaropes da túa botica, para morreres sen dores. Ti, Ramón, morriches atordado polo viño e non te decataches do pasamento. A miña morte foi arrabeada. Morrín coma un can de rabia, coma quen olla unha fonte de auga pura e non pode bebela. Eu morrín de sede. ¡Morrín por namorarme de vello!

Cantan os galos e saen paseniñamente da escea, un despois de outro.

SR. FUCO.- ¡Por namorarme de vello!

BOTICARIO.- ¡Por namorarnos de vellos!

Cae o pano.

Castelao: *Os vellos non deben de namorse*, 1941.

Texto B:

Según a tradición, despois da caída de Troia, un grupo de troianos, dirixidos por Eneas, instalouse nas ribeiras do Lacio. Eneas casou con Lavinia, filla dun rei deste país. Os seus fillos, entre eles Ascanio, fundaron Alba Longa. Rea Silvia, filla de Numitor, rei de Alba, tivo dous xemelgos, Rómulo e Remo, da súa unión co deus Marte. Debido á persecución de seu tío Amulio, que expulsara a Numitor do trono de Alba, tivo que abandonar os seus fillos nun rolo, que foi á deriva poloTíber ata o pé do Palatino. Diante dos berros dos

cativos, unha loba acudiu a darlles de mamar. Despois foron recollidos por pegoreiros. De maiores quixeron fundar unha cidade. Como se disputasen o honor da fundación, consultaron o voo dos paxaros, tal como tiñan por costume facer os etruscos. Rómulo foi o afortunado e, seguindo tamén o rito etrusco, trazou os límites da cidade no Palatino: xunguiu unha vaca e un boi branco e púxoos ao arado e sinalou cun rego o lugar dos cementos da cidade. Para rirse de seu irmán, Remo abancou por riba do rego e Rómulo matouno. Os historiadores sitúan a data da fundación de Roma cara o 753 a. X. C. Rómulo poboou a súa cidade con moinantes e deulles esposas raptándoas do veciño pobo dos sabinos, establecidos, según a tradición, no Capitolio. Despois dunha guerra, os sabinos e os romanos reconciliáronse e uníronse nun só pobo. Logo Rómulo subiu aos ceos e converteuse no deus Quirino. Os romanos tiveron reis romanos e sabinos, despois de Rómulo.

Nueva Enciclopedia Larousse, Tomo 17. Ed. Planeta.

Texto C:

Á langhosta aghora non se anda, pois márchase de aquí ás nove da mañán. Entón levántase, son nasas máis ghrandes, bótaselle tamén carnada dentro: xurelo, ou, ou cabesas de, de pescada, calquera clase de carnada leva; e entón, pois levántase e a larghar, no mesmo sitio...; despois, cando se traballaba, ighual se daba outro lanse pola tarde; ás sinco da tarde...

F. Fernández Rei/C. Hermida Gulías: *A nosa fala,Bloques e áreas lingüísticas do galego*.

Texto D:

Está a xurdir, e xorde con vigor unha nova etapa histórica da nosa lingua, unha etapa na que o galego abrangue a amplitude total da cultura, escrita e falada, e a totalidade da sociedade, non só a campesiña tradicional. Non é a lingua da cultura oral campesiña, en plena decadencia, a que decidirá o noso futuro, porque ela representa pasivamente o noso pasado... Pola contra é o galego que xorde da conquista da cultura escrita, da cultura urbana... ten dinamismo de futuro.

Ramón Piñeiro: *Olladas no futuro*, “O galego, lingua moderna”.

Texto E:

Artigo 88. Dereito de reunión. Garantízase o dereito que os traballadores teñen de reunirse no seu centro de traballo sempre que non se perturbe o desenvolvemento normal das actividades do mesmo e, en todo caso, de acordo coa lexislación vixente. As reunións deberán ser comunicadas ao empresario ou representante legal da empresa coa antelación debida, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día e as persoas non pertencentes ao plantel do centro de traballo que van asistir á asemblea.

Co fin de garantir este dereito ao persoal non docente, o empresario ou representante legal da empresa poderá regular o traballo do día co fin de facer posible a asistencia deste persoal a ditas asembleas.

Estatuto dos traballadores.

4. Cales son os bloques dialectais que podemos distinguir no galego?

5. Cales son os trazos máis salientables que caracterizan a cada bloque?

Solucións:

1. Á dúas que di: “conxunto de palabras que conteñen a parte orixinal dun escrito”.

2. Coherencia: cohesión e ausencia de contradición entre as diversas partes dun argumento, doutrina, obra,... consideradas como unha totalidade; congruencia. Cohesión: unión entre cousas. Contido: tema ou asunto dun libro, artigo, etc. Intencionalidade: característica de calquera acto humano realizado cunha finalidade determinada.

3. Texto A: oral, literario. Texto B: escrito, expositivo. Texto C: oral, expositivo. Texto D: escrito, argumentativo. Texto E: escrito, prescritivo.

4. Occidental, central e oriental.

5.

Occidental	Central	Oriental
Gheada	Gheada na parte occid.	Sen gheada
Seseo na parte máis occid.	Sen seseo	Sen seseo
Terminación: -án/-án	Terminación: -ao/-á	Terminación: -ao/-á
Plural –ns	Plural –s	Plural –is
Sufixo –iño	Sufixo –iño	Sufixo –in
Pronome suxeito Ti	Pronome suxeito Ti/Tu	Pronome suxeito Tu